

# NOVA PLATAFORMA LICENZAS 2024

## Guía de axuda para altas e trámites

En 2024 as licenzas da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno serán tramitadas a través da plataforma Conersys da Federación Española de Triatlón.

Para consultas e problemas técnicos sobre o funcionamento da plataforma podedes contactar directamente co equipo de Conersys no seguinte enderezo electrónico [soporte@conersys.com](mailto:soporte@conersys.com)

### **A) Procedemento Xeral para darse de alta**

- Para tramitar calquera licenza o primeiro que debes facer é rexistrarte a través da ligazón <https://licenciasfetri.com/>
- Unha vez teñas creado o usuario cun email e contrasinal deberás validalo a través do email de confirmación que recibirás. A continuación debes entrar de novo á aplicación a crear o teu perfil persoal. Deberás ter preparada unha foto lexible do DNI (NIE ou pasaporte no caso de estranxeiros) xa que este punto é obrigatorio. O arquivo será formato de imaxe, foto. Non se admiten pdf ou semellantes. Tamén debes subir cuberta a documentación de autorización de datos coa adenda XOGADE no caso de menores para persoas que sexa a súa primeira licenza.

Este paso deberá realizalo calquera persoa que queira tramitar unha licenza persoal ou dun menor ao seu cargo e tamén quen vaia ser administrador dun club

[Acceso a video tutorial para crear perfil](#)

### **B) Perfil de Técnico ou adestrador (so título oficial de triatlón)**

- Unha vez creado o perfil persoal, deberá solicitar a validación do nivel de técnico/a seguindo os pasos detallados:
  - a) Panel Persoal
    - 1. Solicitud
    - 2. Engadir
  - b) Solicitud:
    - 1. Técnico
  - c) Nivel
    - 1. Nivel da titulación
  - d) Data de expedición da certificación
  - e) Engadir a documentación
    - a. Engadirá a copia do título ou certificación que acredite a condición
  - f) Descrición
    - a. A que considere
  - g) A FEGATRI recibirá a solicitud para a súa revisión e se ten no seu poder, ou subido no apartado de documentos da plataforma toda a documentación que acredite a condición procederá á súa validación para que poida iniciar o trámite de licenza seguindo os pasos dos puntos E ou F .

### **C) Perfil de Oficial (so título oficial)**

- Unha vez creado o perfil persoal, deberá solicitar a validación do nivel de oficial seguindo os pasos detallados:
  - h) Panel Persoal
    - 2. Solicitud
    - 3 Engadir
  - i) Solicitud:
    - 2. Oficial
  - j) Nivel
    - 2. Nivel da titulación
  - k) Data de expedición da certificación (podes utilizar o 31/12 do ano de titulación.
  - l) Engadir a documentación
    - a. Non é preciso engadir título xa que se utilizará a certificación anual FETRI
  - m) Descrición
    - a. A que considere
  - n) A FETRI recibirá a solicitude para a súa revisión e unha vez revisada a titulación procederá á súa validación para que poida iniciar o trámite de licenza seguindo os pasos do puntos C.

### **D) Xestión e administración de clubs**

A persoa presidente/a do club ou as persoas a quen outorgue delegación (a través de escrito comunicando a delegación á FEGATRI no correo [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)) solicitará ser administrador de club.

1. Panel Persoal
  - a. Solicitudes
  - b. Engadir
2. Solicitud: Acceso Administrador de club
3. Club: O club que xestionar
4. A FEGATRI recibirá a solicitude para a súa revisión e se ten no seu poder, ou subido no apartado de documentos da plataforma toda a documentación do club (Registro oficial, Estatutos, CIF, Xunta Directiva e formulario revisará a mesma e procederá á súa validación para que poida iniciar o trámite de licenzas.

**E) Trámite de Licenza e abono por parte de deportista (ou titor/a de menor) e persoa técnica**

*(A plataforma emite as facturas á persoa que abona, non ao club)*

- Unha vez creado o perfil persoal, accederase dende o perfil de deportista e seguirase o seguinte proceso
  - a) Panel Persoal
    - 1.Licenza
    - 2 Tramitar
  - b) Tipo de Licenza:
    - a. Deportista
    - b. Técnico
  - c) Independiente: Marcar no caso de licenza independente Galega (*Lembrar que se quere ter licenza galega independente e adscribirse a un club doutra Federación debe ser o club quen posteriormente solicite a fichaxe ao/á deportista unha vez teña a galega independente tramitada*)\*
  - d) Club: Club polo que se federa\*
  - e) Federación: Galicia
  - f) Ler e marcar os <<Termos legais>>
  - g) Pagar a licenza (tarxeta ou cargo bancario)

**F) Trámite de Licenza e abono por parte do CLUB**

*(A plataforma emite as facturas a quen a abona-club)*

- a) A persoa administradora do club realiza os seguintes pasos :
  - 1.Panel de Club
  - 2.Renovaciones
  - 3.Buscará á persoa deportista/técnico a quen lle quere tramitar a licenza
  - 4.Selecciona a persoa
  - 5.Pica <<Fichar Deportista>>
  - 6.Gardar
- b) A persoa deportista fichada entrará ao seu perfil para aceptar o trámite de fichaxe.

A medida que vaian aceptando os/as deportistas irán aparecendo no apartado Panel de club→Licenza para poder seleccionalas e realizar o pagamento (Tarxeta ou cargo bancario)

### **G) Trámite da licenza de Oficial**

- Unha vez creado o perfil persoal, accederase dende o perfil de deportista e seguirase o seguinte proceso
  - h) Panel Persoal
    - 1.Licenza
    - 2 Tramitar
  - i) Tipo de Licenza:
    - a. Oficial
  - j) Nivel de Oficial
    - a. Será o que teña validado a FETRI previamente
  - k) Federación
    - a. Galicia
  - l) Ler e marcar os <<Termos legais>>
  - m) Pagar a licenza (tarxeta ou cargo bancario)

### **H) Trámite da licenza de Dereitos de Circuito de clubs e deportistas**

Este trámite deberá realizarse a través da plataforma de inscricións de Rockthesport na seguinte ligazón

<https://www.rockthesport.com/es/evento/licenza-de-dereitos-de-circuitos-2024/inscripcion/selecciona-tarifa>

### **G) Outras Normativas que afectan á tramitación de licenzas**

[Consulta o manual da plataforma](#)

[Consulta o regulamento de licenzas da FEGATRI](#)

[Consulta a normativa de protección de datos FEGATRI que estás aceptando co trámite](#)

[Consulta o procedemento de trámite de licenzas e custes aprobados en asemblea xeral](#)

[Consulta a regulamentación xeral da FEGATRI relacionada co ámbito deportivo para o que se tramita a licenza](#)